



AS MIÑAS TROMPIS

José Luís Pulpeiro



Alexander 103 fixo este grupo

Alexander 103 engadiu a Rott, Yamaha 567 e Yamaha 667



AS MIÑAS TROMPIS

Alexander 103 fixo este grupo

Alexander 103 engadiu a Rott, Yamaha 567, e Yamaha 667

Alexander 103

Ola, Trompiñas, benvidas a este grupo. Hai tempo que veño dándolle voltas á idea de poñerme en contacto con vosoutras para recoller toda a información posible acerca da vida musical de Almudena, pero nunca encontraba a ocasión, por iso fixen este grupo. Todas nós pertencemos nalgún momento a ela. Teño moita curiosidade en saber como era, pero teño a impresión de que debía de ser alguén moi especial polo que a min me pasou. Poido aseguravos que foi todo moi estraño, algo inesperado e á vez insólito pero moi fermoso, por iso quero que me contedes as vosas experiencias con Almudena e logo eu contareivos a miña.




Yamaha 567

Ola a todas; grazas, 103, por facer este grupo tan orixinal, tiveches unha GRAN IDEA.

Rott

Ola Trompiñas!!!... Paréceme xenial.

Yamaha 667



Rott

E logooo... por que falas en pasado?

Alexander 103

Pois veredes... Sinto moito dicirvos que Almudena xa non está entre nós, finou nun accidente de tráfico o 12 de novembro de 2002. Foi un golpe moi duro para todos e todas. Foise no mellor da vida, deixando moitas cousas sen rematar... Por iso teño ganas de contarvos o que me pasou a min.

Tiñamos clase as 10:30 horas no Conservatorio Profesional de Música de Lugo, que está aproximadamente a 100 quilómetros de Ribadeo, como seguro que xa sabedes.



Yamaha 667

Eu si... porque xa pertencía a Almu cando comezou alí o seus estudos.

Alexander 103

Claro... claro; pois ben, saímos da casa con tempo mais que suficiente para chegar a clase. As 9:15 horas, mentres Almudena conducía e escoitábamos os concertos para trompa de Mozart..., de repente, algo nos golpeou moi forte... e fíxose un silencio absoluto, ata que pasados uns segundos, que máis ben parecían horas, oín xente ao noso redor murmurando. Almudena non dicía nada, non se movía, e a min estábame asustando, ninguén facía nada, e así estivemos uns eternos minutos ata que sentín unha sirena que se acercaba a nós, era un coche da Garda Civil. Nada máis baixarse do coche, os axentes puxéronse a organizar o tráfico; case ao mesmo tempo, chegaba un médico do Centro de Saúde de A Pontenova (o pobo máis

preto ao sitio do accidente), e pouco despois chegaba un coche de atestados, unha ambulancia do 061 con varios facultativos, un primeiro vehículo de Protección Civil e media hora máis tarde un segundo coche dotado cun equipo de excarceración. Eu estaba moi nerviosa, pois xa sabía que con tanto despregamento de medios algo moi serio estaba ocorrendo. Despois de aproximadamente unha hora, Almudena era levada ao Hospital de Lugo.



Yamaha 567

Nunca imaxinaría que lle ocorrería algo así.

Alexander 103

Pois xa vedes... Á chegada de Luis, seu pai, e o seu tío Juan ao hospital foron recibidos inmediatamente por persoal sanitario, o cal lles informou do estado crítico de Almudena. Un par de horas máis tarde chegaba ao hospital Macu, súa nai, acompañada do seu sobriño Jose. A partir dese momento os pais de Almudena xa no se separarían nin un segundo.

Os partes médicos non albergaban boas novas, seus pais estaban cada vez máis alterados, encontrábanse desorientados, os partes médicos deixábanos bloqueados sen saber que facer nin onde ir; era algo surrealista, algo que rompía os seus esquemas. Almudena, con tan só 20 anos, respiraba grazas a un respirador. O día 14, un dos médicos que a atendían invitou a seus pais a que o acompañaran a unha sala e, despois de explicarlles a gravidade da situación producida polas lesións, dicíalles que non podían facer nada máis, que fixeran todo o que estaba nas súas mans, pero que o cerebro de Almudena estaba danado de forma irreversible. Seus pais, atónitos, non podían crer que algo así lles estivera pasando. Aínda así, e a pesar deses momentos tan angustiosos, vendo que Almudena, a súa única filla, os deixaba para sempre, tiveron un momento de lucidez e recordaron que eran doantes de órganos dende había xa moitos anos e que Almudena tamén tiña a mesma idea; así pois, trasladaron a Esther, enfermeira amiga da familia que non se separara deles en ningún momento, a decisión de doar os seus órganos.



Rott

Entón, parte de Almu segue nesta vida... 😞 Que paradoxo... “A tristura da morte deixa paso á esperanza da vida”.

Yamaha 667

Que razón tes...

Se mal non me lembro, creo que o día 13 foi o afundimento do Prestige; que casualidade que co seu vertido de cru tinguira de negro toda a costa galega... coma se quixese anunciar un dó anticipado.

Yamaha 567

Pobre Almu... coas ganas de vivir que ela tiña... Seguro que alí onde estea, estará tocando con todos os grandes da música.

Alexander 103

Pois veredes... precisamente, había poucos días que seu pai viaxara con ela a Santiago e, entre outras cousas das que falaron polo camiño, Almudena dicíalle que estaba encantada porque todo lle saía ben.



Rott

Por favor!!... Que mala sorte!... Oe ... unha pregunta... Foi culpa dela?

Yamaha 567

Iso mesmo estaba pensando eu.

Alexander 103

Non! non foi culpa dela... Claro que non!

Como xa vos dixen, íamos tranquilamente escoitando Mozart e en décimas de segundo vimos como un gran turismo se abalanzaba sobre nosoutras, estaba adiantando nunha curva a un camión que lle quitaba toda a visibilidade. Segundo o atestado: “unha manobra de adiantamento de forma antirreglamentaria”.



Yamaha 667

Onde foi o accidente?

Alexander 103

Na N 640, concretamente no quilómetro 48, 075. Por certo, esta nacional figura entre as máis perigosas da rede viaria de todo o país.

No lugar do accidente, a estrada estaba marcada con liña descontinua (ver para crer); así que, por unha banda, a mala sinalización horizontal, e pola outra, un condutor imprudente, foron o cóctel perfecto para que Almudena non estea entre nós.

O 9 de decembro, aínda no se cumprira un mes do fatal accidente, o pai de Almudena escribía unha carta ao presidente do Goberno, que en aquel momento era D. José María Aznar, co propósito de denunciar o mal estado desta estrada. Pouco tempo despois, ese tramo apareceu pintado con liña continua. Os pais de Almudena nunca souberon se aquela carta fora o motivo do seu pintado, pero a simple acción de repintar a calzada fíxolles pensar que a súa filla falecera, entre outras causas... por un caldeiro de pintura branca.

Tamén teño que dicirvos que Almudena non foi a primeira nin a última vítima nese tramo, claro que non; por iso, esa maldita estrada está dentro dese desgraciado *ranking*, e o máis penoso de todo isto é que os responsables pensan que a morte de Almudena e de outros moitos forman parte sen máis dunha estatística. Que rabia!!... Canta impotencia!!



Rott

Que pena!... Canta irresponsabilidade polas dúas partes! En primeiro lugar, e a máis grave delas, é a dese condutor imprudente, e en segundo lugar, e non exenta de responsabilidade, está a Administración, que presume de dirixir un país moderno, pero a realidade en moitos aspectos é ben distinta. Parecémonos máis a países terceiomundistas (con todo o meu respecto a eses países, pois bastante desgraza xa teñen enriba).

Yamaha 667

Hai casualidades na vida e esta é unha delas: eu estiven con Almu ata o día 5 de novembro, por sete días non me tocou vivir a min esa triste experiencia.

Alexander 103

Pois si... xa ves... oxalá ninguén a vivise.

Queredes preguntarme algo máis? Porque se non, gustaríame saber como foi a vosa vivencia con Almudena. Que vos parece?... Po lo que eu sei, a orde da vosa aparición na súa vida foi:

Rott, a primeira en pertencerlle; Yamaha 567, a segunda; e Yamaha 667, a terceira; eu fun a cuarta, pero só 6 días.

Así que se non vos importa, poderíamos respectar esta mesma orde para non mesturar toda a información, e desa maneira facer un mellor seguimento sobre a vida musical da nosa instrumentista. Parcévos ben?



Rott

Por min, sen problema... pero... alguén quere adiantar algo?...

En vista de que ninguén escribe... empezo eu... Cóntovos.

En primeiro lugar e para poder situarnos un pouquiño, direivos que Almu naceu no 1982 en Ribadeo, a súa queridísima Vila, da que, por certo, sempre presumía.

Fun a súa compañeira dende agosto do 92 ata xullo do 97. Almu daquela tiña 10 anos, era unha nena coma todas as da súa idade, abandonaba a infancia para ir converténdose en adolescente.

Unha adolescente coas ideas moi claras, a súa ilusión xa era a música.

En 1995, con tan só 13 anos, comentáballes a seus pais que, aínda sendo a música a opción principal do seu futuro profesional, gustaríalle ter un respaldo por se non lograba os seus obxectivos. A opción que tiña na súa cabeza era a de facer un módulo de auxiliar de enfermería e así o fixo. No curso 96/97 matriculábase en primeiro de sanitaria... pero o que non sei é se rematou ese módulo?

Yamaha 567

Si, si... rematou 2º e conseguiu o título de Técnico Auxiliar de Enfermería.

Rott

Que ben... 🙌🙌🙌!!

Pois... do 31 de maio ata o 10 de xuño do 96 estivo de excursión cos seus compis de 8º, foron a Port Aventura e Marineland, e xa vos podeades imaxinar como o pasaron.

Almu enseguida se acostumou a viaxar, pois o pertencer a Banda Municipal de Música de Ribadeo implicaba ter que participar nas súas actividades. Así que neses cinco anos estivemos tocando en Madrid, Barcelona, Beniján (Murcia) e Lisboa. Á marxe destas viaxes, tamén gravamos un programa na TVG que se chamaba "Con Música Propia", e tamén tivemos 29 actuacións máis. Foron anos moi felices para Almu e as súas amigas, a maioría delas estaban relacionadas coa Banda e coa música.

Isto sería a grandes trazos a miña pertenza a Almu... pois agora mesmo non se me ocorre nada máis.

Yamaha 567

Canto me alegra que nos digas iso, mágoa que a deixaron desfrutar moi pouco tempo.

En fin!... Eu fun a súa compañeira dende xullo do 97 ata marzo do 2000, Almu tiña 15 anos. O que recuerdo dela é que, pese a súa corta idade, sempre foi unha rapaza moi madura, sempre tivo moi boa relación y comunicación con seus pais e viceversa; eles sempre a trataron como a unha persoa maior e responsable, as súas opinións eran tidas en conta en todos os ámbitos, nunca a deixaron a un lado, tiñan plena confianza nela porque sabían positivamente que ía cumprir.

Neses tres anos estivemos tocando en Tomar (Portugal) e en Aranjuez, á parte tamén tivemos 57 concertos e participamos coa Orquestra de Cámara de Xove.

No ano 2000 estaba preparando unhas obras musicais para facer a proba de acceso a Orquestra de Prácticas da Sinfónica de Galicia.

Almu era esa clásica moza inquieta por coñecer todo o relacionado coa música e co seu instrumento, dende a técnica ata o repertorio pasando polo seu coidado e mantemento, de aí que estivera subscrita ás revistas *Amadeus* e tamén a *Grandes Clásicos*.

Un día, seus pais preguntáronlle se seguía coa idea de continuar a súa carreira por música ou se polo contrario só se trataba dun pasatempo. Almu sen pensalo dúas veces contestou que o tiña moi claro, que quería ser trompista profesional. A conversa seguiu un bo rato e seus pais aproveitaron para advertirla de que a carreira de música require moito sacrificio, esixe moito traballo e tamén constancia, "...non penses que vai ser un campo de rosas, vas ter momentos duros, moita esixencia e moita competitividade...", ao que Almu contestou: "quero seguir formándome, seguir tocando, rematar a carreira e non saír nunca dese mundo no que me sinto tan cómoda."

Despois de escoitala e vela tan convencida de si mesma, súa nai díxolle que querían o mellor para ela, como non podía ser doutra maneira, e que sempre a apoiarían en todo o que estivera nas súas mans.

Yamaha 667

Que sorte tiña Almu nese aspecto, pois non todos os pais e nais reaccionan así cando os seus fillos lles propoñen estudar música.

Algũa de vosoutras sabe por que Almu nos escolleu a nosoutras como seu instrumento?

Rott

Eu poido explicárvolo, pero primeiro teño que situarvos un pouquiño no seu contexto.

No 1988 fundase a Asociación Amadores da Música, co fin de poñer novamente en marcha a Banda de Música de Ribadeo; para elo, o máis urxente era crear unha Escola de Música e buscar un director tanto para a Escola como para a Banda, e o elixido foi Hernán Naval, un rapaz de tan só 27 anos. As clases de solfexo empezaron en 1989 e un pouco máis tarde a ensinanza instrumental, para un alumnado moi variado: moi novo, novo e maior. En 1992 deu o seu primeiro concerto con 40 instrumentistas, pero sete anos mais tarde xa dirixía a 94.

Así que o motivo de que Almu tocara a trompa foi exclusivamente por recomendación de Hernán, xa que ía adaptando instrumentistas ás necesidades da Banda nese momento.

Alexander 103

Que guai!... Sabia decisión, unha boa maneira de ter sempre a Banda compensada.



Yamaha 667

567, tes algo máis que contarnos... ou dás por rematado?

Yamaha 567

Non..., con isto xa remato. Isto sería a grandes trazos a miña experiencia con Almu. Queredes preguntarme algo?

Rott

Eu... polo menos, non.

Alexander 103

Eu tampouco.



Yamaha 667

Pois ben... agora vos conto.

A ver se non deixo nada do que vos poida interesar.

Empezarei por dicirvos que a miña vinculación con Almu empeza en marzo do 2000, cando ela tiña 18 anos, e remata o 5 de novembro do 2002.

Como ben dicides..., aínda sendo unha nena, Almu xa tiña un grao de responsabilidade moi alto; con 19, poido dicirvos que era toda unha moza cos pés no chan e coas ideas moi claras. Foron dous anos que nunca esquecería por varios motivos.

O primeiro deles, e un dos máis gratificantes para ela, foi o poder contactar con Manuel Moya, trompista da Sinfónica de Galicia, co fin de acudir ás súas clases. Para a súa presentación levaba un informe de Hernán onde lle explicaba os puntos fortes e débiles de Almu; este informe rematábao Hernán facendo mención as súas virtudes, destacando a seriedade, a responsabilidade, o compromiso e a firme determinación de converterse en trompista profesional. "Pódeselle pedir o que sexa, seguro que intentará responder. É moi traballadora."

Rott

Guauuu!... Que orgullosa debeu de sentirse!

Yamaha 667

Dende logo que si.

Yamaha 567

Dende logo, Almu sempre foi moi maior pese a súa corta idade.

Yamaha 667

A raíz deste comentario, deixádeme que vos conte un par de minucias:

Cando tiña clase de mañá no conservatorio e aínda non tiña o carné de conducir, erguíase antes que seu pai para preparar os almorzos, xa que as 6:25 horas saían os dous en autocares distintos, seu pai camiño a San Cibrao, onde traballaba, e Almu camiño ao conservatorio.

Rott

Que moral... Jijijiji... co ben que se está na cama 🤔

Yamaha 667

Ou tamén o día que casaba seu primo: era a primeira vez que asistía a un acontecemento familiar desas características, o banquete celebrábase a 11 km. Pois ben, abandonou a celebración e obrigou a seu pai a levala a Ribadeo porque tiña concerto coa Big Band.

Rott

Deus!!... Pero é que non había sobremesa? ...😂😂

Yamaha 667

Pois xa ves... cousas de Almu.

Ao que imos.

Seguíamos tocando na Banda Municipal de Ribadeo, por suposto, pero tamén o facíamos en distintas agrupacións coma a Orquestra de Cámara de Xove, coa Big Band, coa que viaxamos a Melilla, Suiza y Trodheim (Noruega); tamén formábase parte da Banda de Música da Federación Galega dende a súa presentación o 19 de novembro de 2000 no Auditorio de Galicia. O día 7 de setembro de 2001 participamos na Zarzuela Xuanón, no Teatro Jovellanos de Gijón, baixo a batuta de Mariano Rivas e os Virtuosos de Moscú como compañeiros de foso, todo un orgullo para Almu.

Rott

Que guai... como debeu de desfrutar!

Yamaha 667

Pois si... visto así, iso parece, pero nada máis lonxe da realidade.

O 17 de maio de 2001 falece repentinamente o director da Escola e Banda, Hernán Naval, con tan só 39 años. Foi un golpe durísimo para todos os compoñentes da Banda. A partir dese momento moitos dos seus membros fórona deixando, pero Almu e un grupo reducido de músicos fixeron o imposible para que a Banda, que con tanto esforzo e dedicación había construído Hernán, non se derrubase. Foron momentos moi duros e dolorosos para todos. Por iso, prefiro quedarme con esa primeira clase con Manuel Moya, que, aínda que Almu non podía disimular os nervios, foi un día que quedaría gravado na súa memoria para sempre.

Alexander 103



Yamaha 567

Agora que xa rematamos as nosas andanzas con Almu, e antes de que comeces a contarnos a túa experiencia, gustárame que nos contases algo sobre seus pais. Como están?... Como o levan?... Como os ves?

Alexander 103

Pois veredes, a partir do 16 de novembro, día do seu enterro, todo foi moi diferente para eles dous. A perda da súa única filla desencadeou tanto na súa nai como no seu pai unha gran crise, tanto a nivel físico como mental. Era unha perda insubstituíble, iso era precisamente o que lles estaba ocorrendo e non querían admitir; desexaban que Almudena volveuse con eles, e o querían con todas as súas forzas, pero non era así; despois viña o decaemento, abrazábanse e choraban. Ante tanta dor, querían estar mortos, o burato que ela deixaba era desolador, pasaban os días, os meses e os anos e a súa ausencia sempre estaba presente e o segue estando o día de hoxe. Despois de todo este tempo, seus pais aprenderon a vivir con esa tristura, pero o dó continúa, non hai cura, a duras penas van asimilando a súa falta. O seu interior está cheo de rabia, ás veces contida e noutras moitas ocasións sae a superficie.

Uns meses antes do accidente de Almudena, finara tamén en accidente de tráfico un compañeiro seu, con tan só 18 anos. O pai de Almudena foi ao enterro e, ao chegar a casa, comentou o duro que tiña que ser un golpe así. “Creo que se me ocorrera a min –comentaba– non podería seguir vivindo”. Con todo, o destino quixo que seguira vivindo.

Dende ese maldito 12 de novembro, Macu e Luís deixaron ao lado todo tipo de celebracións, tanto familiares coma calquera outra; nas súas mentes aínda está presente a voda do seu primo onde o pasaran tan ben.

Os días sinalados tentan que non o parezan, e o nadal, esas datas tan familiares, son para eles un pesadelo engadido, e é que non hai maneira de desconectar, sempre cho están lembrando, e xa non digamos cando se escoita esa cancionciña publicitaria de “volve a casa polo Nadal”. Que fermosa!!... exclaman con ironía.



Yamaha 567

Sen comentarios... Debe de ser terrible pasar por semellante situación.

Alexander 103

O 12 de xullo de 2003, a Asociación Amadores da Música, que como xa vos dixen é a xestora da Banda Municipal de Música de Ribadeo, organizou unha fermosa homenaxe a Almudena no Auditorio Hernán Naval á que asistiu moita xente. Foi un acto moi emotivo onde participaron moitos dos seus amigos, amigas e familiares, e entre todos lograron facer un acto digno de recordar.



Yamaha 667

Creo que o teña ben merecido, a fin de contas ela foi unha tenaz loitadora para que a súa Banda seguira viva.

Alexander 103

A min tamén mo parece.

Ben... pois agora cóntovos o que me aconteceu, que foi en realidade o motivo polo cal me puxen en contacto con vosoutras. Con todo o que me contastes entendo mellor o acontecido. Xa sabedes que eu son unha trompa moi utilizada por instrumentistas profesionais; pois ben, ao comezo do curso escolar 2003/2004, ou sexa, dez meses despois do accidente, empecei de novo a "tocar", pónoo entre comiñas porque aquilo que soaba non era máis que un montón de sons pero sen ningún sentido, un verdadeiro pesadelo, e así durante días e días.

Eu preguntábame... que é isto?... que me está pasando?... Estaba claro que alguén quería empezar a tocar, pero... quen será?... O que sexa, está a equivocarse de trompa.

Pois, sorprendentemente, era Luís, o pai de Almudena, que cos seus 47 anos decidira seguir os pasos da súa filla.



Yamaha 667

Non pode ser....

Rott

Que ben...

Yamaha 567

Pero... por que tomou esa decisión?

Alexander 103

Pois veredes, segundo unha conversa que escoitei de seus pais cuns amigos, o pai de Almudena dicíalles que o decidira porque a música para a súa filla era unha necesidade, unha paixón, algo polo que pelexaba día a día. Almudena emprendera esa viaxe para poder alcanzar o seu soño, que non era outro máis que ser trompista profesional, un soño que non lle deixaran rematar. Así que seu pai, ante esta funesta situación, decide emprender a mesma viaxe que a súa filla. Unha decisión que para min foi todo un orgullo, poder seguir formando parte desta familia; estaba claro que eu era a parte accesible de Almudena e que seu pai non estaba disposto a perder.

De todas as maneiras, e antes de tomar esa decisión, comentoulle a súa muller a idea que lle roldaba pola cabeza, esa idea non era outra máis que a de estudar música e poder chegar ó conservatorio para facer honra a súa filla. Ela aceptouno de bo grao, aínda que con algunha reserva, pois non podía evitar pensar que precisamente fora nunha desas viaxes na que Almudena finara.

No curso 2003/2004, Luís, con 47, anos empezaba os seus estudos musicais na Escola Municipal de Música de Ribadeo, sen saber o que era un “Do”, como el di. O problema estaba en que o matricularan en Linguaxe de adultos, que por outra banda era o que lle correspondía pola idade; pero co obxectivo que se tiña marcado implicaba ir demasiado lento e iso era algo que non estaba disposto a aceptar, así que falou co director da Escola e lle pediu que o cambiaran para 1º de Grao Elemental, con nenas e nenos de 9 años. Xa vos podedes imaxinar, o contraste era maiúsculo, sobre todo a hora de ler e entoar, pero tiña tantas ganas de aprender que nin así se sentía satisfeito; así que, ó mesmo tempo, asistía tamén a clases particulares, tanto de linguaxe como de trompa. Catro anos despois superaba a proba de acceso a 1º de Grao Profesional no mesmo conservatorio onde estudaba Almudena. Comezaba o curso 2007/2008.



Yamaha 667

Non é de estrañar que Macu estivera algo receosa de tal decisión.

Yamaha 567

Por que dis iso?

Yamaha 667

Pois, porque se podía repetir a mesma historia. Luís tiña que desprazarse moitas veces a Lugo e despois do ocorrido, a quen non se lle pasaría pola cabeza?

Rott

Por favor!!... Iso non se pode nin pensar.

Alexander 103

Xa. Xa... pero a procesión vai por dentro. De tódalas maneiras, Luís estaba súper contento, pois encontrábase no mesmo centro que estudaba a súa filla e co mesmo profesorado que lle dera clase.

No conservatorio pasáballe o mesmo que na escola, non pasaba desapercibido entre os seus compañeiros e compañeiras de 13 anos.



Yamaha 567

Como me gustaría estar alí... e miralo por un burato.

Alexander 103

Pois non pensedes que se cortaba un pelo, ao contrario, tiña tan claro o que quería facer que para el era unha diversión.

Pois ben... nese curso promocionárono a 2º, polo cal fixo 1º e 2º nun ano.



Yamaha 667

Que ben... Pois si que o tomara en serio.

Rott

Eu creo que lle sobra motivación...

Yamaha 567

Si, eu tamén o creo... Increible...

Alexander 103

Imaxino que vos estaredes preguntando de onde sacaba o tempo para poder estudar. A resposta é que se arranaxaba como podía, pois tiña outras obrigas para coa casa e tamén para o que non era a casa; aproveitaba calquera momento libre para estudar, aínda que cando máis disfrutaba do estudo era en época de vacacións, festivos, pontes, sábados e domingos.

O 18 de febreiro de 2009, cando estaba cursando 3º, organizouse un curso de Interpretación en Banda de Música que impartía D. Juan Lois Diéguez, un músico galego con maiúsculas, trompetista, director e compositor. Pois ben, nese momento a Luís pásaselle pola cabeza a idea de crear unha obra musical para banda e dedicarlle a súa filla. Dito e feito. Fala con Paco, o profesor de trompa, xa que é moi amigo deste gran músico, coméntalle a súa idea e este pásalla a Juan Lois, o cal, sen pensalo dúas veces, dille que por suposto escribirá esa obra onde as trompas terán un papel relevante.



Rott

Que idea!... Que guai!

Alexander 103

Luís aínda faría un par de cursos máis, un de trompa impartido polo trompista D.Héctor Manuel Escudero Aguilar, e outro de Práctica Orquestral, impartido por D. Rubén Gimeno.



Yamaha 567

Que home!... Non para...

Alexander 103

O 22 de maio de 2012 remata 6º e consegue o Título Profesional de Música na especialidade de Trompa: o seu obxectivo estaba cumprido.



Yamaha 667

Increible... Parabéns...

Rott

O mesmo digo... Almu debe de sentirse moi orgullosa alí onde estea.

Yamaha 567

Dende logo que si.

Alexander 103

O ano 2012 foi un ano de moito movemento, quizás demasiado. Acordádesvos de que Juan Lois Diéguez se comprometera a escribir unha obra musical dedicada a Almudena? Pois o 17 de xuño, a Banda Municipal de Música de Ribadeo gravaba un disco compacto con esa obra, trátase dunha fantasía elexíaca que leva por título *Da Capo*.

Case ao mesmo tempo, Adriana Aramburu Peña, prima de Almudena, estaba escribindo un libro para contar esta historia, ao que titulou *Da Capo una Historia Real*.

Así que o 13 de outubro, no Auditorio Hernán Naval en Ribadeo, faise a presentación do libro e da banda sonora cunha narrativa escrita por Juan Manuel Aramburu Peña, irmán de Adriana, e narrada por Toni Deaño, amigo da familia.



Yamaha 667

Encantaríame ter estado, tanto na homenaxe como nesa presentación, e imaxino que a vosoutras tamén.

Rott

Xa che digo

Yamaha 567

Xa o creo... encantaríame.

Alexander 103

Pois aínda hai algo mais que quero que saibades.

A mediados de decembro de 2012, Macu e Luís abren unha academia e tenda de música que se chama ALMUsical, pero as cousas no van nada ben economicamente e teñen que pechala a principios de 2014.



Rott

Vaia... sinto moito que tiveran que pechala, pero é que esas datas tampouco eran as mellores para abrila, estábamos atravesando a crise do 2008, unha crise que durou case dez anos. Atrévome a dicir que estaba condenada ao peche.

Yamaha 667

Que pena...

Yamaha 567

E Luís... segue coa música?

Alexander 103

Si, aí estamos, formando parte da Banda Municipal de Música de Ribadeo dende o 15 de maio de 2004, que foi o noso primeiro concerto, e tamén colaboramos con outras agrupacións tanto locais como das zonas limítrofes.



Yamaha 567

Todo isto que nos contaches paréceme surrealista. E o da academia xa foi a “guinda que lle faltaba ao pastel”.

Non teño máis que felicitaros, e de maneira moi especial a Luís por demostrar tanta coraxe e valentía, por enfrontarse a tal situación desa maneira.

E grazas a ti, 103, pois se non fora pola túa curiosidade nunca me decatara desta fermosa historia. Grazas, mil grazas, síntome moi orgullosa de ter pertencido a Almu.

Rott

O mesmo digo. E quero engadir algo máis: “con esforzo e esperanza todo se alcanza”. Felicidades.

Yamaha 667

Sen palabras... As miñas máis sinceras felicitacións.

Alexander 103

Ben, Trompiñas, xa para rematar quérovos agradecer a cada unha de vós todo o apoio e paciencia que me brindastes durante este percorrido pola vida musical de Almudena. Espero que non vos defraudara. Moitas grazas ás tres. 🙏🙏🙏



**¡¡BENDITA MÚSICA!! QUE NOS AXUDAS
A SOPORTAR ESTA TERRIBLE PERDA.**